

09:45 PRESENTACIÓN
O conflito de intereses e a Bioética
RELATOR → José Antonio Seoane
Presidente do Consello de Bioética de Galicia

10:00 MESA REDONDA
Intereses en conflito nunha sociedade plural
MODERADORA → Silvia Sánchez Radío → Consello de Bioética de Galicia

▼
Na comunidade educativa

Rogelio Altisent Trota
Universidad de Zaragoza

▼
Na industria farmacéutica

José Ramón Luis-Yagüe
Farmaindustria

▼
Nunha organización sanitaria non gubernamental

Inés del Río Pastoriza
Médicos del Mundo-Galicia

▼
No ámbito xurídico

José Luis Seoane Spiegelberg
Audiencia Provincial da Coruña

O conflito de intereses e a Bioética

12:00
DESCANSO

12:30 PRESENTACIÓN DO
Documento sobre o conflito de i
RELADORES → Rosendo Bugarín González → Mónica Suárez Berea → Consello de Bioética de Galicia

14:00
DESCANSO

13:00
Comunicacións

MODERADORAS → Irene Esperón Rodríguez → Isabel Vila Iglesias → Carmen Ramil Fraga → Consello de Bioética de Galicia

16:30 MESA REDONDA
Conflito ou harmonización na asistencia sanitaria?
MODERADORA → Ana Isabel Guillén Vilanova → Consello de Bioética de Galicia

▼
Na atención dunha enfermidade prevalente en Galicia

Susana Romero Yuste
EOXI de Pontevedra e O Salnés

▼
Nunha cirurxía con alta implicación social

Nieves Molíns Gauna
EOXI da Coruña

▼
Na resposta á dimensión social da saúde

María Jesús Lago Vilaboa
EOXI de Vigo

▼
Nos cuidados de enfermaría

María Antonia Muñoz
Povisa

▼
Solucións para convivir co conflito de intereses

Andreu Segura
Universitat Pompeu Fabra

19:00
DESCANSO

19:30 CONFERENCIA DE CLAUSURA
Conflito de intereses, conflito de valores

RELATOR → Diego Gracia Guillén → Fundación de Ciencias de la Salud

XORNADA

O conflito de intereses e a Bioética

EDICIÓN BILINGÜE

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Sanidade-Secretaría Xeral Técnica- Consello de Bioética de Galicia
Santiago de Compostela
2016

CONSELLO DE BIOÉTICA DE GALICIA

O presente documento foi aprobado polo Consello de Bioética de Galicia, na sesión que tivo lugar o 16 de novembro de 2016, e formaban parte del os seguintes membros:

Presidente:

José Antonio Seoane Rodríguez

Vicepresidenta:

Ana Concheiro Guisán

Secretaria:

Teresa Conde Cid

Vogais:

Rosendo Bugarín González

Natalia Cal Purriños

Olivia Díez Lindín

Irene Esperón Rodríguez

Mariana García García

Ana Guillén Vilanova

Xurxo Hervada Vidal

Victoria Lojo Vicente

Manuel Macía Cortiñas

María Ponte García

Carmen Ramil Fraga

Antonio Rodríguez Núñez

Alberto Ruano Raviña

Silvia Sánchez Radío

Carmen Solloso Blanco

Mónica Suárez Berea

Alfredo Valdés Paredes

Isabel Vila Iglesias

G

9:15 → 9:45	INAUGURACIÓN Jesús Vázquez Almuiña
INAUGURACIÓN	→ 5 → 8
9:45 → 10:00	O CONFLITO DE INTERESES E A BIOÉTICA José Antonio Seoane
PRESENTACIÓN	→ 11 → 13
10:00 → 12:00	Intereses en conflito nunha sociedade plural
MESA REDONDA	→ 15 → 16
→ 17 → 25	Na comunidade educativa Rogelio Altisent Trota
→ 27 → 35	Na industria farmacéutica José Ramón Luis-Yagüe
→ 37 → 56	Nunha organización sanitaria non gubernamental Inés del Río Pastoriza
→ 57 → 84	No ámbito xurídico José Luís Seoane Spiegelbrg
12:30 → 13:00	O conflito de intereses no ámbito da saúde Rosendo Bugarín González Mónica Suárez Berea
PRESENTACIÓN DO DOCUMENTO	→ 87 → 89
13:00 → 14:00	COMUNICACIÓNS
PRESENTACIÓN	→ 91 → 107
16:30 → 19:00	Conflito ou harmonización na asistencia sanitaria?
MESA REDONDA	→ 109 → 110
→ 111 → 115	Na atención dunha enfermidade prevalente en Galicia Susana Romero Yuste
→ 117 → 127	Nunha cirurxía con alta implicación social Nieves Molins Gauna
→ 129 → 135	Na resposta á dimensión social da saúde M.ª Jesús Lago Vilaboa
→ 137 → 145	Nos cuidados de enfermaría Mª Antonia Muñoz Mella
→ 147 → 151	Solucións para convivir co conflito de intereses Andreu Segura Benedicto
19:30 → 20:30	Conflito de intereses, conflito de valores Diego Gracia Guillén
CONFERENCIA DE CLAUSURA	→ 153 → 172

C

INAUGURACIÓN Jesús Vázquez Almuiña	
→ 175 → 176	
EL CONFLICTO DE INTERESES Y LA BIOÉTICA José Antonio Seoane	
→ 176 → 178	
Intereses en conflicto en una sociedad plural	
→ 178 → 179	
→ 179 → 185	En la comunidad educativa Rogelio Altisent Trota
→ 185 → 190	En la industria farmacéutica José Ramón Luis-Yagüe
→ 190 → 202	En una organización sanitaria no gubernamental Inés del Río Pastoriza
→ 203 → 220	En el ámbito jurídico José Luís Seoane Spiegelbrg
El conflicto de intereses en el ámbito de la salud Rosendo Bugarín González Mónica Suárez Berea	
→ 221 → 222	
COMUNICACIONES	
→ 223 → 231	
¿Conflicto o armonización en la asistencia sanitaria?	
→ 232 → 232	
→ 232 → 235	En la atención de una enfermedad prevalente en Galicia Susana Romero Yuste
→ 236 → 242	En una cirugía con alta implicación social Nieves Molins Gauna
→ 243 → 247	En la respuesta está la dimensión social a la salud M.ª Jesús Lago Vilaboa
→ 247 → 252	En los cuidados de enfermería Mª Antonia Muñoz Mella
→ 252 → 255	Soluciones para convivir con el conflicto de intereses Andreu Segura Benedicto
Conflicto de intereses, conflicto de valores Diego Gracia Guillén	
→ 256 → 268	

MODO DE NAVEGACIÓN

Un click nos capítulos do índice enlaza coa páxina correspondente

Un click nos capítulos das portadillas enlaza coa páxina correspondente

Bio**é**tica

Un click nos pes de páxina enlaza co **índice**

G
C
Click de enlace

9:45 → 10:00

PRESENTACIÓN

O CONFLITO DE INTERESES E A BIOÉTICA

José Antonio Seoane

10:00 → 12:00

MESA REDONDA

INTERESES EN CONFLITO NUNHA SOCIEDADE PLURAL

Na comunidade educativa

Rogelio Altisent Trota

Na industria farmacéutica

José Ramón Luis-Yagüe

Nunha organización sanitaria non gobernamental

Inés del Río Pastoriza

No ámbito xurídico

José Luís Seoane Spiegelbrg

12:30 → 13:00

PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

O CONFLITO DE INTERESES NO ÁMBITO DA SAÚDE

Rosendo Bugarín González

Mónica Suárez Berea

13:00 → 14:00

COMUNICACIÓNS

COMUNICACIÓNS

16:30 → 19:00

MESA REDONDA

CONFLITO OU HARMONIZACIÓN NA ASISTENCIA SANITARIA?

Na atención dunha enfermidade prevalente en Galicia

Susana Romero Yuste

Nunha cirurxía con alta implicación social

Nieves Molins Gauna

Na resposta á dimensión social da saúde

M.^a Jesús Lago Vilaboa

Nos cuidados de enfermaría

M.^a Antonia Muñoz Mella

Solucións para convivir co conflito de intereses

Andreu Segura Benedicto

19:30 → 20:30

CONFERENCIA
DE CLAUSURA

CONFLITO DE INTERESES, CONFLITO DE VALORES

Diego Gracia Guillén

09:15 → 09:45

INAUGURACIÓN

Inauguración

RELATOR → [Jesús Vázquez Almuiña](#)
Conseleiro de Sanidade

Bos días a todos, buenos días a todos.

Grazas por acompañarnos nesta xornada de reflexión conxunta sobre unha cuestión tan relevante como a que constitúe o conflito de intereses e a bioética. Agradecemento, en especial, aos organizadores que fixeron posible a súa realización e, naturalmente, aos relatores que compartirán connosco os seus coñecementos e experiencias.

Reflexionar é pensar atenta e detidamente sobre algo, e creo que o tema o merece. Nos últimos anos, vivimos cambios sen precedentes no exercicio e a práctica da asistencia sanitaria. Estas transformacións desencadearon un intenso proceso de revisión da autonomía e regulación das profesións sanitarias e as súas relacións coa cidadanía e a Administración, e tamén sobre os principios éticos que deben rexer as nosas actuacións.

Non podemos obviar que, en realidade, o conflito é parte natural das relacións humanas, posto que xorde das diferenzas e incompatibilidade de intereses, percepcións ou obxectivos, entre dúas ou máis persoas. No noso campo, Thompson, hai xa máis de 20 anos, establecía que se podía orixinar un conflito de intereses naquelas circunstancias nas que o xuízo dun profesional en relación co seu interese primario (tal como pode ser o benestar do paciente para o clínico, a validez da investigación para o investigador, ou o interese educativo ou asistencial), se ve influenciado indebidamente ou en exceso por un interese secundario, como pode ser un proveito económico (beneficio financeiro) ou un afán de notoriedade, prestixio persoal ou o recoñecemento e promoción profesional. Dito doutra forma, falamos de potenciais conflitos entre o deber profesional e outro tipo de intereses, que á súa vez poden ou non ser lexítimos.

Bioética

Convén precisar que a presenza dun conflito de intereses non supón por si mesma que se producirá un resultado incorrecto desde o punto de vista ético, pero é evidente que incrementa a súa posibilidade. Dependerá precisamente de como leve, de como se realice, esta particular situación. Por outra banda, todos temos intereses, aínda que sexa en diferente grao ou obxecto, e case non hai actividade humana que, no fondo, non pretenda obter algún tipo de beneficio, sexa este lícito ou non.

É desde logo un tema apaixonante. Trátase de reflexionar sobre os valores que deben guiar as decisións da organización e das persoas que a conforman. Se a bioética clínica subliña o valor da autonomía e revisa o significado da beneficencia médica, a ética das organizacións debe apuntar á xustiza, á equidade, á eficiencia, e a calidade. Singularmente, facémolo mediante a xestión eficaz e equitativa dos recursos que a cidadanía pon á nosa disposición, pero non esquecemos reflexionar sobre outros valores no coidado da saúde. En definitiva, vemos a bioética como un instrumento de calidade para a atención sanitaria no sistema público de saúde de Galicia.

Nesta liña, queremos dar un paso adiante; o recoñecemento da necesidade de mellorar a formación en bioética das persoas que conformamos a organización sanitaria de Galicia a todos

Bioética

os niveis: equipos directivos, profesionais e cidadáns: pacientes e usuarios. Esta xornada é un exemplo diso. A finalidade última é mellorar a calidade do noso sistema e difundir unha cultura bioética na organización sanitaria. É importante para os nosos profesionais, e tamén para os cidadáns galegos, fomentar a deliberación pública sobre as propias necesidades de saúde, a responsabilidade no coidado da saúde, o uso equitativo dos recursos sanitarios e os posibles conflitos de intereses que poden xurdir no noso día a día.

Temos que ser capaces de contribuír a facer posible un cambio de cultura no noso sistema publico de saúde. Cremos que os fins e os valores dunha organización marcan e orientan as súas actuacións e que deben ter reflexo na súa planificación estratéxica. Así, e tamén nesta liña, hai uns meses modificamos a regulación das funcións, composición e funcionamento do Consello Galego de Bioética, cuxo presidente, José Antonio Seoane, procederá a continuación a presentar a xornada. Constituíuse como un órgano colexiado de carácter permanente, consultivo, independente e interdisciplinar, que ten como finalidade asesorar nos aspectos éticos da práctica sanitaria o Sistema de Saúde de Galicia, as entidades, organizacións e institucións de carácter sanitario, tanto públicas como privadas, e ser foro de referencia do debate bioético na sociedade galega.

ética

Tamén ampliamos o abano das titulacións dos membros do Consello de Bioética de Galicia, incluídas ciencias da saúde, humanidades e ciencias xurídicas e sociais. Con iso, queremos darlle un novo impulso á bioética para profundar no debate social sobre esta materia, que entendemos fundamental para o noso presente e o noso futuro.

Nada máis. Queda inaugurada esta xornada, que de seguro resultará interesantísima.

Moitas grazas.

Jesús Vázquez Almuiña
Conselleiro de Sanidade
Consellería de Sanidade, 3 de novembro de 2016

9:15 → 9:45

INAUGURACIÓN

INAUGURACIÓN

Jesús Vázquez Almuiña

10:00 → 12:00

MESA REDONDA

INTERESES EN CONFLICTO NUNHA SOCIEDADE PLURAL

Na comunidade educativa

Rogelio Altisent Trota

Na industria farmacéutica

José Ramón Luis-Yagüe

Nunha organización sanitaria non governamental

Inés del Río Pastoriza

No ámbito xurídico

José Luís Seoane Spiegelbrg

12:30 → 13:00

PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

O CONFLICTO DE INTERESES NO ÁMBITO DA SAÚDE

Rosendo Bugarín González

Mónica Suárez Berea

13:00 → 14:00

COMUNICACIÓNS

COMUNICACIÓNS

16:30 → 19:00

MESA REDONDA

CONFLITO OU HARMONIZACIÓN NA ASISTENCIA SANITARIA?

Na atención dunha enfermidade prevalente en Galicia

Susana Romero Yuste

Nunha cirurxía con alta implicación social

Nieves Molins Gauna

Na resposta á dimensión social da saúde

M.^a Jesús Lago Vilaboa

Nos cuidados de enfermaría

M.^a Antonia Muñoz Mella

Solucións para convivir co conflito de intereses

Andreu Segura Benedicto

19:30 → 20:30

CONFERENCIA
DE CLAUSURA

CONFLITO DE INTERESES, CONFLITO DE VALORES

Diego Gracia Guillén

...e a Bioética

O conflito de intereses e a Bioética

09:45 → 10:00

PRESENTACIÓN

RELATOR → José Antonio Seoane
Presidente do Consello de Bioética de Galicia

Sexamos ou non conscientes, a Bioética atinxe a todos. Esta é a razón máis salientable de que a educación ética sexa esencial para orientar as persoas e os órganos deliberativos. Como individuos, non temos outra alternativa que navegar nun sistema de saúde máis e máis complexo. Como votantes, membros da comunidade e cidadáns que pagan os seus impostos, temos de decidir que valores comunitarios deberían guiar as políticas públicas en cuestións tan fundamentais como o nacemento, a morte, a saúde e o benestar. Como científicos, clínicos ou xuristas, e para cumprir os nosos deberes profesionais debemos resolver problemas, comprender as obrigas das nosas profesións e prestar atención ao amplo impacto social do noso traballo. En cada un destes roles a capacidade de recoñecer, artellar e resolver os desafíos éticos é absolutamente esencial.

Presidential Commission for the Study of Bioethical Issues, Bioethics for every generation. *Deliberation and education in health science, and technology*, May 2016, páxinas 52-53.

O Consello de Bioética de Galicia está a cumprir o seu primeiro ano, tras meses intensos, difíciles e produtivos nos que aprendeu o comportamento singular das institucións, máis lento e complexo que o dos individuos e dos grupos informais, pero cunha vocación de firmeza e estabilidade maiores. Soubo tamén da distancia entre o ideal e o real, a teoría e a praxe, a proposta razoable e a súa custosa realización. Foi tempo, á fin, de axustes persoais e institucionais, de traballo e de manifestación do compromiso.

Así é calquera camiño cara á madurez, que non chega por acelerarmos, senón por percorrermos cada paso ao seu tempo. E hoxe, tras a sementeira, agroman os primeiros froitos, algúns dos cales presentamos e compartimos hoxe.

Segundo indica a súa Orde reguladora do 16 de outubro de 2015, o Consello de Bioética de Galicia é un órgano colexiado de carácter permanente, consultivo, interdisciplinario e independente que ten como finalidade asesorar nos aspectos éticos da práctica sanitaria do sistema de saúde de Galicia as entidades, organizacións e institucións de carácter sanitario públicas e privadas, profundar no debate social sobre a Bioética e servir de referente nesta materia para os profesionais e institucións do ámbito da saúde e para a cidadanía. Deste xeito completa as características da súa predecesora, a Comisión Galega de Bioética, e amplía as súas funcións, a súa composición e o seu funcionamento. O Consello expresa así a evolución da Bioética: dun-

Bioética

ha banda, a súa condición de criterio de calidade e boa práctica profesional; e doutra, a súa relevancia no debate social sobre a dimensión ética e sociosanitaria do coidado da saúde.

Xa que logo, a misión do Consello de Bioética de Galicia é espallar a Bioética na sociedade e no Sistema Galego de Saúde. Ou en palabras semellantes ás da Comisión presidencial norteamericana, democratizar a Bioética como ferramenta indispensable no exercicio da cidadanía.

A Bioética non pertence ao reino da necesidade, senón ao da posibilidade e da elección, a un mundo que debe ser configurado mediante a deliberación pública sobre o tipo de sociedade e de sistema de saúde que queremos ter. Por esta razón a educación bioética convértese nunha cuestión de xustiza.

Porén, non é o mesmo divulgar que vulgarizar. A Bioética esixe dar razóns, e por iso rexeita tanto a tiranía como o populismo. Todas as opinións e achegas son importantes e benvidas, pero non todas valen o mesmo.

A Bioética esixe respectar a todos, pero tamén xustificar cada afirmación mediante un proceso de deliberación, que serve para desenmascarar falacias, avaliar a forza de cada razoamento e seleccionar os argumentos óptimos para acadar unha decisión eticamente prudente.

Por que teimar na Bioética? O obxectivo da educación é aprender a mirar/escouitar. As nosas sociedades son en xeral cegas/xordas ante a Bioética: a dimensión ética da vida e da saúde está diante de nós, pero pasa inadvertida. A información e a formación amplían o enfoque e nos aprenden mirar a realidade con ollos bioéticos, a sentir outras voces e consideralas importantes na construción desa dimensión ética sen a cal a imaxe e o son da realidade quedan incompletos.

Bioética

Isto mesmo afirma o documento que presentamos hoxe. O conflito de intereses, isto é, o conxunto de circunstancias que orixina un risco de que o xuízo ou a actuación dun profesional respecto dun interese primario poida verse influído de forma indebida por un interese secundario, existe pero adoita pasar desapercibido, en boa medida porque a xente non observa nin examina realidade, senón que só se fixa no que xa coñece; aquilo que non recoñece permanece oculto ou invisible.

Facer visible e poñer de relevo a importancia ética do conflito de intereses no ámbito da saúde é o propósito do documento e da xornada, combinando disciplinas clínicas con saberes alén do mundo sanitario, e experiencias galegas con outras de fóra de Galicia.

Remato co agradecemento debido do Consello de Bioética de Galicia aos relatores e aos comunicantes da xornada, que reflicten a apertura e diversidade da Bioética. Á Consellería e ao conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia e, dun xeito especial, á Secretaría Xeral Técnica e á súa titular, dona Josefina Montea-gudo, polo seu apoio.

O Consello de Bioética de Galicia está ao servizo da cidadanía, das institucións e dos profesionais sanitarios galegos, que deben aproveitalo e colaborar con el. Non se esqueza que a Bioética é un ben público que enriquece a quen o dá e a quen o recibe, e que sempre está aí, ao dispor de todos para mellorar a calidade do coidado da saúde e acompañarnos na procura da excelencia.

José Antonio Seoane

Presidente do Consello de Bioética de Galicia

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2016



... unha sociedade plural

9:15 → 9:45
INAUGURACIÓN

INAUGURACIÓN
Jesús Vázquez Almuiña

9:45 → 10:00
PRESENTACIÓN

O CONFLICTO DE INTERESES E A BIOÉTICA
José Antonio Seoane

Na comunidade educativa
Rogelio Altisent Trota

Na industria farmacéutica
José Ramón Luis-Yagüe

Nunha organización sanitaria non governamental
Inés del Río Pastoriza

No ámbito xurídico
José Luís Seoane Spiegelbrg

12:30 → 13:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

O CONFLICTO DE INTERESES NO ÁMBITO DA SAÚDE
Rosendo Bugarín González
Mónica Suárez Berea

13:00 → 14:00
COMUNICACIÓNS

COMUNICACIÓNS

16:30 → 19:00
MESA REDONDA

CONFLICTO OU HARMONIZACIÓN NA ASISTENCIA SANITARIA?

Na atención dunha enfermidade prevalente en Galicia
Susana Romero Yuste

Nunha cirurxía con alta implicación social
Nieves Molins Gauna

Na resposta á dimensión social da saúde
M.^a Jesús Lago Vilaboa

Nos cuidados de enfermaría
M.^a Antonia Muñoz Mella

Solucións para convivir co conflito de intereses
Andreu Segura Benedicto

19:30 → 20:30
CONFERENCIA
DE CLAUSURA

CONFLICTO DE INTERESES, CONFLICTO DE VALORES
Diego Gracia Guillén

Intereses en conflito nunha sociedade plural

10:00 → 12:00

MESA REDONDA

MODERADORA → Silvia Sánchez Radío
Consello de Bioética de Galicia

Bos días. Son Silvia Sánchez Radío, membro do Consello de Bioética de Galicia, e hoxe correspóndeme a moderación desta mesa que tratará sobre “Intereses en conflito nunha sociedade plural”, primeira mesa dunha xornada que pretende ser un punto de encontro para aquelas persoas interesadas nos aspectos éticos da práctica sanitaria do Sistema de Saúde de Galicia e que está focalizada no conflito de intereses, tema, sen dúbida, controvertido e de gran relevancia. Confío en que a través dela sexamos quen de aclarar conceptos, así como de sensibilizar os profesionais da saúde e a cidadanía sobre a súa existencia e importancia, para con iso lograr xestionalo desde a corrección ética.

Haberá, pois, que profundar no debate social implícito no tema en cuestión, co fin de promover a consideración ética como criterio de calidade que ha de ir indisolublemente unido a toda práctica asistencial. O reto dos relatores será darnos a coñecer a existencia destes conflitos, co fin de promover a reflexión sobre en que situacións poden xurdir conflitos de intereses, e será clave a rigorosidade para non entrar en demagogia, nin falsear o debate.

Bioética

Con este ambicioso obxectivo elaborouse un programa que se inicia con esta mesa redonda, na que contamos con representantes de distintos ámbitos, que xenerosamente restaron tempo das súas axendas para poder hoxe acompañarnos neste evento.

Permitinme para con todos os relatores a licenza de facer un exercicio de “recorte” dos seus amplos currículos co fin de non lles restar tempo á exposición e ao posterior debate, debate que sen dúbida suscitarán as charlas, pois a previsión é que vostedes participen, que haxa un feed-back posterior aos relatorios.

*Sen máis dilación paso a presentar a **Rogelio Altisent Trota**, é licenciado e doutor en Medicina. Especialista en Medicina de Familia e Comunitaria.*

- Diplomado en Sanidade*
- Foi profesor asociado da Facultade de Medicina de Zaragoza, ata 2003. Responsable da docencia de Bioética. Graduado en Bioética pola Universidade de Melbourne. Exerceu ata o 2007 como presidente do Comité Asesor de Bioética de AP do Servizo Aragonés*
- Presidente da Comisión Central de Deontoloxía da OMC desde 2006 ata 2009. Membro da delegación española na AMM ata 2008*
- É director de proxectos académicos da Cátedra de Profesionalismo e Ética Clínica da Universidade de Zaragoza*
- Na actualidade é presidente do Comité de Bioética de Aragón*

A razón da súa presenza será achegarnos ao tema do conflito de intereses focalizado na comunidade educativa

Bioética

1.1 Na comunidade educativa

RELATOR → Rogelio Altisent Trota
Universidade de Zaragoza

Nos últimos anos o mundo do medicamento familiarizouse coa valoración dos “conflictos de interese” (CDI)⁽¹⁾. Nas revistas científicas xeneralizouse o requisito de que os autores declaren os seus CDI en relación cos artigos que propoñen publicar. A miúdo ábrense discusións sobre os CDI na toma de decisións sobre prescrición. Tamén se xeraron controversias relacionadas cos CDI de quen ocupa postos de responsabilidade en institucións científicas, asistenciais ou de representación profesional. Quizais as cuestións relacionadas coa comunidade docente foron as menos analizadas na bibliografía.

Estes debates son coherentes coa preocupación das sociedades democráticas pola xustiza e a ética social que esixe xogo limpo na toma de decisións que afectan a terceiros. Con todo, na miña opinión, convén advertir que tamén se observa unha tendencia ao abuso do termo, probablemente por unha confusión conceptual, que pode levar á condena *a priori* e indiscriminada ante a presenza dun “conflicto de interese”, que é unha circunstancia frecuente e, ás veces, inevitable na vida das persoas, da que non se pode deducir directamente unha conduta reprochable. É, por iso, necesario

ética

reflexionar e precisar o significado dos CDI para lograr unha mellor comprensión desta noción e do seu adecuado tratamento.

O concepto

A noción de “conflicto de interese” é unha figura moral que aparece na conduta de quen ten un deber ou obriga (interese primario) que choca cun interese de carácter persoal (interese secundario), que pode distorsionar o xuízo profesional dun modo imprudente ou inaceptable, e fai temer que a xustiza sexa lesionada ^(2,3,4).

Con todo, tal como avanzamos, o feito de que se presenten circunstancias catalogables como un “conflicto de interese” non significa que automaticamente se produza un comportamento condenable ou unha decisión inxusta por parte da persoa implicada. O desafío ético está no modo de afrontar ou resolver o conflito.

Diagnóstico diferencial do concepto

Ao tratar sobre os CDI convén precisar moi ben de que estamos a falar, pois con facilidade pódese confundir o significado duns termos que non sempre se usan con propiedade, xa sexa no ámbito coloquial, no profesional ou no académico. Non nos estamos referindo, por exemplo, ao “conflicto de intereses” entre varias persoas ou institucións, entendido como un enfrontamento entre os intereses de diferentes suxeitos físicos ou morais na consecución dun obxectivo. Dous candidatos a un posto universitario poden ter un “conflicto de intereses” ao competir pola praza que ofrece unha institución. Dun modo diferente pode ocorrer que un membro do tribunal que debe outorgar a praza teña un “conflicto de interese”, debido a que mantén un vínculo familiar con algún dos candidatos, xa que existiría o risco de que esta circunstancia poida influír introducindo un rumbo de parcialidade na toma de decisión.

Bioética

Pola mesma razón un funcionario da facenda pública non pode inspeccionar o comportamento tributario dunha persoa coa que ten unha manifesta relación de amizade ou de inimidade. En ambos os casos cabería o risco ou a sospeita dunha actuación inxustamente parcial por parte de quen toma decisións, debido á potencial influencia dun interese persoal sobre a súa obrigaón de proceder con xustiza. Este é o sentido no que dicimos que se expón un “conflicto de interese”.

Tamén nos convén diferenciar o “conflicto de interese” da figura ben coñecida do suborno, que vai máis aló do risco, porque xa supón a comisión dun delito, o que ocorre, por exemplo, cando o responsable de tomar unha decisión recibe un agasallo a cambio de favorecer un dos candidatos. Existe un caso análogo na profesión médica coa prescrición que levou a que o Código de Deontoloxía Médica condene “solicitar ou aceptar contraprestacións a cambio de prescribir un medicamento ou utilizar un produto sanitario”⁽⁵⁾.

De natureza diferente é, na miña opinión, o denominado conflito de obrigas ou lealdades que, por exemplo, ten un médico ante un paciente que lle solicita unha baixa laboral por un motivo formalmente inapropiado, aínda que sexa humanamente comprensible no contexto da relación clínica; mentres que, á vez, ten un deber ante a sociedade que lle confía a xestión desta prestación social que dá protección a aqueles que non poden traballar por causa dunha enfermidade.

Por tanto, convén diferenciar con claridade os seguintes conceptos: a) o “conflicto de interese” como figura que se estuda para previr a integridade moral na toma de decisións; b) o “conflicto de intereses” como descrición dunha pugna entre os intereses de diferentes suxeitos, que, en si mesmo, non ten necesariamente unha valoración moral; c) o suborno, que supón directamente un comportamento contrario á xustiza, e lesiona tanto a ética como a lei; d) o conflito entre dúas lealdades ou obrigas que unha persoa comparte, o cal se adoita presentar na práctica como un dilema moral ante unha toma de decisión.



Outra situación que xera confusión conceptual cos CDI prodúcese cando un comportamento profesional se pode distorsionar por unha excesiva implicación emocional coas persoas cuxo problema se aborda. Un bo exemplo diso é a falta de distancia terapéutica que se produce cando un médico atende a unha persoa próxima por lazos familiares ou de amizade, o cal convén evitar polo risco de erro que se asocia á falta de obxectividade na valoración profesional. Aínda que a anatomía desta situación se asemella a un CDI (advértase que non estamos a falar dun posible trato de favor cara a un familiar, o cal si sería un xenuíno conflito de interese), non o consideramos como tal porque o posible erro na decisión se produce por unha distorsión cognitiva condicionada polo compoñente afectivo. Unha argumentación parecida levou a que algúns códigos deontolóxicos prohiban explicitamente que os profesionais do medicamento –particularmente no campo da psiquiatría– teña relación sentimental cos seus pacientes.

Outro escenario que merece ser considerado é o afán de seguridade xurídica e o temor a unha denuncia legal pode xerar actuacións profesionais que non teñen como obxectivo o interese do paciente senón a protección do profesional. Este é o denominado medicamento defensivo que algúns autores definiron como auténtico conflito de interese, aínda que, en realidade, cando por esta motivación xa se produciu un exceso de probas diagnósticas ou un custo evitable, buscando só a protección legal, atopámonos xa ante unha conduta profesional que se considera contraria á deontoloxía médica ⁽⁶⁾, e non só ante un mero CDI.

Outro ámbito diferente e peculiar que pode constituír un CDI en calquera profesión relaciónase coas necesidades menos materiais da persoa, como son o descanso, o recoñecemento entre os seus iguais ou o prestixio social, o cal ten as súas particularidades no mundo do medicamento. Trátase de intereses lexítimos pero que poden influír indebidamente na conduta profesional e que, aínda que non encaixan no modelo tradicional de CDI, desde un punto de vista académico reúnen os requisitos teóricos, e na práctica tamén convén consideralos para prever comportamentos indebidos condicionados por intereses secundarios.



Modos de afrontar os conflitos de interese

Non hai nada intrinsecamente inmoral no conxunto de elementos e circunstancias que compoñen o CDI. Que un profesor asista a unha cea promocional dunha empresa, que colabore cientificamente cunha compañía farmacéutica ou que se preocupe da súa seguridade legal, non é en si mesmo contrario á ética profesional. O problema moral xorde cando a influencia que un interese secundario exerce sobre unha decisión profesional (interese primario) se trivializa ou se acepta como algo natural. Por iso é polo que o primeiro requisito para xestionar prudentemente os CDI sexa recoñecer a súa existencia, noutras palabras, aceptar a súa potencial influencia en comportamentos inadecuados.

Pódese dicir que un CDI é unha tentación que debe diferenciarse da súa aceptación e tradución nunha conduta reprobable. Con todo, hai tentacións que cando se ignoran ou se admiten conscientemente supoñen asumir un exceso de risco que xa se debe considerar como algo moralmente inaceptable.

A xestión ética dos CDI nas institucións docentes débese realizar mediante normativas explícitas e supervisión corporativa polos seus órganos de goberno ou comisións *ad hoc*. Con todo, ante a dúbida, sempre é recomendable a reflexión individual e a petición de asesoramento ante a variedade de situacións susceptibles de CDI onde o docente con sensibilidade ética procurará consultar poñendo de manifesto os matices e circunstancias implicadas que el coñecerá mellor que ninguén.

Consideráanse as seguintes estratexias par afrontar os CDI: declaración pública, revisión con autorización, inhibición e recusación.

A transparencia mediante declaración pública é considerada como a regra de ouro dos CDI. É moralmente moi saudable poñer de manifesto os intereses secundarios que poderían afectar a rectitude do xuízo profesional porque dalgún modo supón unha toma de conciencia do potencial rumbo que de maneira

Bio

intencionada se desexa previr ofrecendo a súa exposición de maneira limpa e aberta. É recomendable facerse unha pregunta *prima facie* que sería decisiva neste punto: sentiríame cómodo se os meus pacientes, os meus alumnos, os meus colegas ou outras persoas relacionadas coa miña actividade profesional coñecesen o meu interese secundario nesta materia? Cando a resposta é non, a conveniencia de transparencia é evidente. É dicir, se un médico tivese reparos en lles dar a coñecer aos seus pacientes que recibe unha determinada atención comercial ou un incentivo da xerencia, habería que poñelos en dúbida. Esta norma é un requisito habitual para os autores en revistas científicas e algunhas sociedades científicas esíxenllelo aos seus cargos científicos ou de representación. De maneira análoga débense aplicar no ámbito da docencia.

A revisión dos CDI para a súa posterior autorización por un comité é un sistema de control que algunhas institucións levan a cabo cos seus membros, despois de realizar a declaración de CDI. Por exemplo, hai universidades que revisan as condicións dos contratos dos seus investigadores cos patrocinadores de proxectos para garantir que non teñen restricións na publicación de resultados negativos. Unha sociedade científica que vai promover unha guía terapéutica debería avaliar a idoneidade dos autores que a van elaborar en función da súa declaración de potenciais CDI en relación coas compañías farmacéuticas relacionadas coa temática da guía.

Ademais da transparencia e a revisión logo da autorización, tamén se pode chegar á recusación *a priori* ante determinadas situacións que xeran CDI de alto risco; por exemplo, compensacións económicas moi elevadas para a captación de pacientes dun ensaio clínico. Un caso característico deste tipo de restricións previas é o establecemento de incompatibilidades para ocupar determinados postos directivos, co fin de lle evitar un dano á imaxe pública dunha institución ou para previr CDI que poidan prexudicar aos seus membros. Un caso particular de incompatibilidade dáse en altos cargos da Administración pública ao establecer un período de cadencia antes de poder traballar para unha compañía

privada que teña intereses cruzados co cargo ocupado. Un caso característico de inhibición para evitar CDI é a retirada de forma voluntaria dunha comisión ou tribunal cando se vai avaliar un caso que implica a unha persoa coa que se ten algún vínculo especial e que faría perigar a xustiza da resolución.

Unha institución académica ou con responsabilidades na docencia podería establecer normas nos seus estatutos ou mediante un código de boas prácticas co obxecto de previr CDI que se consideran impropios nos seus membros ou prexudiciais para a corporación.

No ámbito do medicamento, debemos citar de novo o Código de Deontoloxía ⁽⁷⁾ ao pronunciarse en plena coincidencia coa lóxica preventiva dos CDI: “Cando, para desenvolver actividades científicas e de formación, se reciba financiamento externo de entidades con ánimo de lucro, deberá explicitarse con claridade e transparencia a natureza e alcance do patrocinio. Os médicos organizadores da actividade garantirán a independencia dos contidos e a liberdade dos relatores”. En relación coa investigación reitérase o que é unha doutrina universal: “É obriga do médico que participa en investigacións ou en estudos farmacolóxicos patrocinados pola industria farmacéutica informar, tanto aos medios científicos como de comunicación en xeral, das súas vinculacións coa industria”, e “cando un médico participa nunha investigación científica patrocinada por unha empresa farmacéutica deberá condicionar a súa participación para dispoñer de plena liberdade para a súa publicación, independentemente de que os resultados sexan favorables ou non desde a perspectiva da empresa patrocinadora”. Non menos interesante resulta esixir actualmente que “o médico que, en calidade de experto fai recomendacións dun produto específico, tanto en medios científicos como en medios de comunicación xeral, deberá comunicar a súa vinculación coa industria sanitaria cando a houber”.

Gigerenzer e Gray propuxeron tres medidas moi concretas ⁽⁸⁾ para previr CDI en medicamento: a) promover salarios dignos, evitando o pago por acto médico; b) evitar aqueles incentivos que poidan incrementar as taxas de intervención,

ética

a non ser que exista clara evidencia do seu beneficio, como ocorre coa vacinación, ao contrario da cirurxía electiva de xeonllo cuxa incentivación produce máis dano que beneficio; c) evitar o financiamento da formación continuada pola industria farmacéutica.

A posición de debilidade dos pacientes ante a ciencia médica fai moi conveniente promover unha cultura preventiva dos CDI mediante a incorporación destes contidos na formación dos futuros médicos. Está en xogo a confianza social na profesión médica e as súas organizacións^(9,10).

Outros escenarios na comunidade docente

No ensino a alumnos de grao, aos profesores pódenselles aplicar os criterios xa mencionados anteriormente. Sería conveniente que as institucións académicas avansasen na cultura da transparencia establecendo un sistema de declaración pública de intereses onde os docentes plasmen os seus conflitos de interese en relación con proxectos de investigación que puidesen interferir nos contidos da docencia. Isto non debería converterse nunha “caza de bruxas”, de modo que non sería necesario, como en ocasións se postulou, realizar unha declaración exhaustiva de actividades remuneradas, senón daquelas que terían unha potencial e anormal influencia nos contidos da docencia que lle corresponde impartir (p ex. un profesor que dirixe ensaios clínicos para o tratamento dunha patoloxía, ou que colabora de maneira habitual con determinadas compañías que teñen intereses en relación cos contidos da docencia impartida).

Dentro dos CDI na avaliación de alumnos, o capítulo das recomendacións tería unha solución preventiva se a institución fixese unha advertencia explícita da obriga de llas comunicar á autoridade académica, de maneira que a avaliación do alumno afectado pase a ser avaliado por outros profesores. De igual modo,

Bioética

cando un profesor considera que existe algún tipo de vínculo co alumno, debe inhibirse na súa avaliación.

No caso de entidades privadas que poden recibir recomendacións para a admisión por parte de financiadores ou benefactores, é moi conveniente que existan normas explícitas establecidas que sexan de coñecemento público.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

1. Lo B, Baldwin WH, Bellini L, Bero L, Campbell E, Childress JF, Corr PB, Dorman T, Grady D, Jost TS, Kelch RP, Krughoff RM, Lowenstein G, Perlmutter J, Powe NR, Thompson DF, Williams DA. En: *Conflict of interest in medical research, education, and practice [consensus report]* En: Lo B, Field MJ, eds. National Academy of Sciences; 2009.
2. Morreim EH. Conflict of Interest. En: Reich WT (ed). *Encyclopedia of Bioethics*. New York: Simon&Schuster Macmillan, 1995; 459-465.
3. Thompson DF. *Understanding financial conflicts of interest*. N Engl J Med. 1993; 329: 573-576.
4. Davis M. *Conflict of Interest*. En: Chadwick R (ed). *Encyclopedia of Applied Ethics*. San Diego, California: Academic Press, 1998; 589-595.
5. *Código de Deontología Médica*. Madrid: Organización Médica Colegial, 2011. Artículo 23.
6. *Código de Deontología Médica*. Madrid: Organización Médica Colegial, 2011. Artículo 21.2.
7. *Código de Deontología Médica*. Madrid: Organización Médica Colegial, 2011. Artículo 23.
8. Gigerenzer G, Gray JAM. *Better Doctors, Better Patients, Better Decisions*. Cambridge: The MIT Press, 2011; 19-21.
9. Lemmens T, Singer PA. *Conflict of interest in research, education and patient care*. CMAJ 1998; 159: 960-5.
10. Brody H. *Professional Medical Organizations and Commercial Conflicts of Interest: Ethical Issues*. Ann Fam Med. 2010; 8(4): 354

Bioética

Para abordar o tema “Conflicto de intereses na industria farmacéutica” contamos con **José Ramón Luis-Yagüe**

- *Cursou estudos da licenciatura e doutoramento en Medicamento na Universidade Complutense de Madrid. É especialista en Medicina Interna*
- *Estudos de especialización en Planificación Sanitaria, Economía da Saúde e Alta Dirección de Institucións Sanitarias no IESE, Instituto de Empresa e ESADE*
- *En canto á súa experiencia laboral, dilatada e extensa, hai que destacar que no Ministerio de Sanidade participou na definición e desenvolvemento da carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde*
- *Foi coordinador de Programas da Viceconsellería de Calidade Asistencial, Saúde Pública e Consumo*
- *E desde o ano 2007 ocupa o posto de director do Departamento de Relacións coas Comunidades Autónomas en Farmaindustria, o que motiva a súa intervención nesta xornada.*

Bioética

1.2. Na industria farmacéutica

RELATOR → José Ramón Luis-Yagüe
Farmaindustria

Un conflito de interese é aquela situación na que o xuízo dun suxeito, ou un conxunto de suxeitos, á hora de tomar unha decisión de interese primario se ve influenciado indebidamente por un interese secundario.

Os conflitos de intereses danse en todas as relacións e interaccións humanas e a súa resolución varía segundo o seu contido e circunstancias. Algúns conflitos de interese son inevitables e a súa mera existencia non debería facer que fosen cualificados de antemán como antiéticos.

A presenza dun potencial conflito de intereses non supón, por si mesma, que conducirá a unha actuación eticamente incorrecta. Esta formulación leva a simplificar a realidade.

A severidade do conflito de intereses depende da probabilidade de alterar a obxectividade do profesional sanitario (clínico ou investigador) e da magnitude dos efectos destes conflitos.

ética

No ámbito sanitario estes conflitos pódense presentar principalmente como unha derivada da relación que os profesionais manteñen coa Administración, con outros profesionais sanitarios, cos pacientes e coa industria sanitaria.

A industria farmacéutica innovadora

A industria farmacéutica innovadora é un sector que transforma coñecemento –investigación– en aplicacións –medicamentos– para previr a enfermidade, aliviar o sufrimento e, na medida do posible, curar os pacientes. O que coincide plenamente co interese primario dos profesionais sanitarios.

É unha actividade que esixe cuantiosos recursos e, como é lóxico, necesita retornos económicos para seguir desenvolvendo o seu labor. A industria farmacéutica é, xunto coa aeronáutica, un dos sectores máis regulados da nosa sociedade. Todas as fases da súa actividade están reguladas e sometidas a un rigoroso control administrativo, tanto a nivel europeo como nacional: desde a investigación (ensaios clínicos) con novos principios activos, ata a fixación do prezo dos medicamentos de prescrición e a súa inclusión na prestación farmacéutica.

O desenvolvemento dun novo medicamento é un proceso longo, pode durar entre 12 a 15 anos. É moi custoso, en 2012 o desenvolvemento dun novo medicamento custaba 1.200 millóns de euros, e máis de 7 millóns de horas de traballo. Pero, ademais, é unha actividade de alto risco: en 2011 de máis de 3.200 moléculas en desenvolvemento, finalmente só foron autorizados 35 medicamentos, o que supón unha taxa de éxito do 1,1 % da I+D. Finalmente, de cada

Bioética

10 novos medicamentos comercializados, só 3 xeran ingresos que superan os custos medios da I+D desenvolvida.

O pasado ano 2015, a industria farmacéutica instalada en España investiu en actividades de I+D máis de 1.004 millóns de euros: cada día investíronse 2,7 millóns de euros a I+D.

Dese total de investimento, 416 millóns de euros destináronse a contratos de investigación con hospitais, universidades e centros de investigación, o que se denomina I+D extramuros. A investigación intramuros alcanzou os 588 millóns de euros, ao redor do 59 % do investimento total. A maior porcentaxe destes investimentos levou a cabo en Madrid (47 %) e en Cataluña (41 %); o 12 % restante realizouse noutras comunidades ou no estranxeiro.

Conflicto de interese e industria farmacéutica

Dunha maneira excesivamente simplificadora adoitan asociarse os conflitos de intereses a cuestións financeiras e situarse case en exclusiva na contorna da industria farmacéutica. Esta formulación das relacións da industria farmacéutica cos profesionais sanitarios confunde e minimiza unha cuestión que ten unha enorme relevancia e na que se deron pasos moi importantes para que se desenvolva de acordo cos máis esixentes criterios científicos, éticos e de transparencia.

A actividade médica non pode concibirse allea á contorna onde se desenvolve, á organización do sistema sanitario, aos seus condicionantes económicos ou estruturais. Tampouco cabe descoñecer os lexítimos intereses profesionais, científicos, académicos, asistenciais ou docentes dos profesionais sanitarios, nin os da industria de seguir investigando, para o que necesita obter beneficios.



O só feito de ter relacións profesionais coa industria farmacéutica non debería ser considerado como algo negativo ou contraproducente. A existencia desta relación non implica unha renuncia aos principios éticos dos profesionais nin da industria. A responsabilidade ética fronte aos conflitos de interese é unha responsabilidade compartida por todos, profesionais, organizacións sanitarias e industria.

A industria farmacéutica e a investigación

A relación entre a industria farmacéutica e os profesionais sanitarios é fundamental para a investigación de novos medicamentos. É unha colaboración positiva e necesaria para todos:

- Os profesionais, posto que actualizan e melloran os seus coñecementos sobre a enfermidade e sobre os medicamentos.
- A industria farmacéutica, que se apoia na experiencia clínica e científica dos profesionais sanitarios.
- O sistema sanitario, que dispón de profesionais que están na vangarda do coñecemento e a investigación biomédica.
- Os pacientes e a sociedade, que son o centro de todas as nosas actuacións, reciben unha asistencia sanitaria da maior calidade, prestada por profesionais excelentes.

O feito de que a investigación biomédica estea financiada pola industria farmacéutica non debe conducir a menosprezar o seu valor nin a pretender que se renuncie a ela. Nin a ver problemas de conflitos de interese que a invaliden. É un claro erro.

Tampouco debe verse como algo eticamente reprochable que os profesionais sanitarios participen nesta investigación. O que non é eticamente aceptable é

ca

antepoñer o interese da investigación ou as aspiracións de desenvolvemento científico (ou profesional) do investigador, ás necesidades do paciente, actuar por intereses económicos, ocultar datos, ou terxiversar resultados, ou non declarar ou facer explícitos os potenciais conflitos de interese relacionados coa investigación.

En España, do mesmo xeito que en toda a UE, dispoñemos dun rigoroso e garantista sistema para a autorización de ensaios clínicos: Real decreto 1090/2015, do 4 de decembro, polo que se regulan os ensaios clínicos con medicamentos, os comités de Ética da Investigación con Medicamentos e o Rexistro Español de Estudos Clínicos.

Este real decreto desenvolve as disposicións específicas para a aplicación en España do Regulamento (UE) n.º 536/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, sobre os ensaios clínicos de medicamentos de uso humano, e polo que se derroga a Directiva 2001/20/CE, relativas aos ensaios clínicos con medicamentos de uso humano que se realicen en España. Ademais, regula os comités de Ética da Investigación con Medicamentos, así como o Rexistro Español de Estudos Clínicos, conformado tanto polos ensaios clínicos como polos estudos postautorización observacionais que se realicen con medicamentos de uso humano.

A promoción de medicamentos e a información científica

Promover é informar sobre un produto ou un servizo para que sexa coñecido. É un labor da industria farmacéutica que ten a súa base no seu deber de informar os médicos das características dos seus medicamentos de forma completa, inmediata e veraz, o que resulta vital para o seu uso racional. Neste mesmo sentido, o médico ten tamén o dereito para coñecer os avances científicos,

Bio

os medicamentos e dispositivos e a familiarizarse co seu uso e indicacións. É unha relación regulada e suxeita a un estrito control, tanto polas autoridades sanitarias, como polo propio sector, a través do Código de Boas Prácticas da Industria Farmacéutica de Farmaindustria.

Así, e sen ánimo de ser exhaustivos, cabe citar que os artigos 5, 6 7 e 8 do código están dirixidos a asegurar a transparencia na promoción de medicamentos, a veracidade da información que se facilita e o carácter científico-técnico e rigor desta.

Unha información e promoción desligada de calquera tipo de incentivo á prescrición. Neste sentido non pode haber ningunha dúbida. O artigo 10.1 do código prohibe expresamente o ofrecemento ou a entrega directa ou indirecta a profesionais sanitarios de calquera tipo de incentivo, prima ou obsequio (en efectivo ou en especie) que incentive a prescrición, a dispensa ou administración de medicamentos de prescrición. Exceptúanse da anterior prohibición os utensilios de uso profesional ou de escritorio sempre que se cumpran dúas condicións: non estar relacionados cun medicamento de prescrición e que o seu prezo de mercado non supere os 10 €.

Respecto da entrega de materiais formativos ou informativos e artigos de utilidade médica, están igualmente regulados no código (art. 10.2), a súa entrega estará permitida sempre que cumpran tres condicións: i) non superar en prezo de mercado os 60 €; ii) estar directamente relacionados co exercicio do medicamento ou a farmacia; iii) que beneficien directamente o coidado ou atención dos pacientes.



A entrega destes materiais non poderá constituír, en ningún caso, un incentivo para a recomendación, compra, subministración, venda ou administración de medicamentos.

A colaboración na formación continuada dos profesionais sanitarios

Porén, o conflito de intereses é un tema relevante e real que, probablemente, pasou desapercibido para a Bioética. Apenas existen publicacións que analicen os conflitos de intereses dende esta perspectiva.

O Consello de Bioética de Galicia, consciente desta realidade, considerou que era substancial sensibilizar os/as profesionais da saúde e a cidadanía sobre a existencia e a importancia dos conflitos de intereses ao aclarar conceptos para visibilizalos, identificar escenarios e suxerir vías para xestionalos de forma correcta.

Tras un proceso deliberativo redactouse o documento que hoxe presentamos. É un informe extenso aínda que de fácil lectura, consta de nove capítulos incluídos os anexos, está orien-

Bioética

tado aos/ás profesionais da saúde e probablemente a principal novidade, con respecto aos documentos dos anos previos, sexa que introduce casos prácticos sobre os que xira o texto e fai máis doada a súa comprensión.

Pero, realmente, que é un conflito de intereses? Para poder dicir que se produce este problema teñen que darse unha serie de condicións:

A existencia de dous suxeitos, axente e principal. O axente, na realidade que nos ocupa, é un/unha profesional do ámbito da saúde xa sexa de carácter asistencial, investigador ou docente e o principal é o paciente, o suxeito de investigación ou o estudante.

A relación entre ambos os dous está caracterizada por dous trazos: é fiduciaria (de confianza) e asimétrica (o axente pode tomar decisións que lle afectan ao principal e non sucede o mesmo á inversa).

Existe un interese primario que é o que debe de guiar as decisións do axente e outro secundario que pode comprometer de forma inapropiada a toma de decisións, que se impón ao interese primario.

En definitiva, o conflito de intereses é unha influencia indebida que se produce nun contexto ou marco laboral ou profesional. O contexto é relevante xa que é o que determina os intereses do conflito: un interese considerado primario nun determinado contexto devén en secundario nun contexto distinto.

Cómpre diferenciar o conflito de intereses do conflito de valores (ambos os intereses son primarios e simétricos, é dicir, nun plano de igualdade) e da influencia non indebida (aquelas circunstancias que poden influír na toma de decisións pero non entran en conflito co interese primario nin supoñen un beneficio para os intereses do axente).

Os conflitos de intereses poden clasificarse en reais (concorren de forma efectiva), potenciais (derivarán en reais de non tomarse as medidas oportunas) e aparentes (non existe a colisión de facto aínda que as circunstancias fan sospeitar a súa existencia).

Bioética

Ademais, existen outros tipos de clasificacións dos conflitos de intereses: unipersoais (conflito de lealdades) ou interpersoais, individuais ou colectivos (institucionais) e, por último, tanxibles (económicos) ou intanxibles (afectivos, poder, ideolóxicos, relixiosos...).


Os conflitos de intereses están presentes na actividade dos profesionais sanitarios, pero poden variar en función do ámbito no que teñen lugar: asistencial, investigador ou docente. Neste documento contemplamos o conflito de intereses desde os tres escenarios posibles.

No ámbito asistencial, o conflito de intereses que aparece con máis frecuencia é o de índole económica, mentres que na investigación é o de dobre “lealdade”, paradigma dos conflitos de intereses, que tanta influencia tivo no nacemento da Bioética e que contrapón a saúde e benestar do paciente ao incremento do coñecemento e a busca da verdade científica.

Fronte a un conflito de intereses, a primeira medida é tomar conciencia deste e despois recoñecelo e declaralo. Os códigos de conduta ou de boas prácticas poden orientar o seu manexo, pero resultan insuficientes e independentemente destas regulacións, requírese unha actitude ética por parte do axente implicado.

A declaración do conflito fai expreso o conflito e trata de corrixir a asimetría, pero non sempre é suficiente, pois entraña o risco de provocar certa “licenza moral” no suxeito axente e de reducir a confianza do suxeito principal. Por outra parte, existen conflitos de intereses que non se resoven exclusivamente coa súa declaración.

De todo o exposto neste documento, podemos concluír que todo profesional da saúde debe ser consciente da existencia de conflitos de intereses na súa práctica profesional, aprender a recoñecelos e desenvolver estratexias para o seu manexo. Non obstante, a simple declaración destes conflitos, pode ser insuficiente, automatizada e simplista, se non se sustenta nunha reflexión ética sobre o conflito en si.



9:15 → 9:45
INAUGURACIÓN

INAUGURACIÓN
Jesús Vázquez Almuiña

9:45 → 10:00
PRESENTACIÓN

O CONFLITO DE INTERESES E A BIOÉTICA
José Antonio Seoane

10:00 → 12:00
MESA REDONDA

INTERESES EN CONFLITO NUNHA SOCIEDADE PLURAL

Na comunidade educativa
Rogelio Altisent Trota

Na industria farmacéutica
José Ramón Luis-Yagüe

Nunha organización sanitaria non governamental
Inés del Río Pastoriza

No ámbito xurídico
José Luís Seoane Spiegelbrg

12:30 → 13:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

O CONFLITO DE INTERESES NO ÁMBITO DA SAÚDE

Rosendo Bugarín González
Mónica Suárez Berea

comunicacións

16:30 → 19:00
MESA REDONDA

CONFLITO OU HARMONIZACIÓN NA ASISTENCIA SANITARIA?

Na atención dunha enfermidade prevalente en Galicia
Susana Romero Yuste

Nunha cirurxía con alta implicación social
Nieves Molins Gauna

Na resposta á dimensión social da saúde
M.^a Jesús Lago Vilaboa

Nos cuidados de enfermaría
M.^a Antonia Muñoz Mella

Solucións para convivir co conflito de intereses
Andreu Segura Benedicto

19:30 → 20:30
CONFERENCIA
DE CLAUSURA

CONFLITO DE INTERESES, CONFLITO DE VALORES

Diego Gracia Guillén

ética

13:00 → 14:00

COMUNICACIONES

Comunicacións

O obxectivo do Consello de Bioética de Galicia ao incluír por primeira vez no programa da súa xornada unha mesa de comunicacións foi convidar a aquelas persoas ou colectivos que teñen algo que dicir sobre a Bioética, para compartilo con todos os asistentes e crear un espazo de deliberación e intercambio de opinións e puntos de vista.

O éxito da participación e o contido das investigacións presentadas confirman o interese e a riqueza das diferentes aproximacións á Bioética, dende a súa fundamentación teórica á súa aplicación na atención sanitaria ou social.

Para a súa presentación oral as comunicacións distribuíronse en tres grupos:

Grupo **A**
CONFLITO DE INTERESES

Grupo **B**
CONSENTIMENTO

Grupo **C**
MISCELÁNEA

Bioética

GRUPO A **Conflicto de intereses**

MODERADORA → **Isabel Vila Iglesias**
Consello de Bioética de Galicia

→ *Procedemento de xestión dos conflitos de intereses nos Informes de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias*. Puñal Riobóo Janet, Varela Lema Leonor, Triñanes Pego Yolanda, Cantero Muñoz Paula, Maceira Rozas María del Carmen, Paz Valiñas Lucinda, Bugarín González Rosendo

→ *Declaración de intereses nos grupos de traballo das Guías de Práctica Clínica*. Triñanes Pego Yolanda, Bugarín González Rosendo, Paz Valiñas Lucinda, Maceira Rozas María del Carmen, Cantero Muñoz Paula, Puñal Riobóo Janet, Varela Lema Leonor

→ *Análise das declaracións de conflito de intereses nunha mostra de Comités de Ética da Investigación con Medicamentos (CEIm)*. López Vázquez Paula, Bugarín González Rosendo, Portela Romero Manuel, Cruz del Río Juana en representación del Comité Autonómico de Ética da Investigación de Galicia

Bioética

TÍTULO

Procedemento de xestión dos conflitos de intereses nos informes de avaliación de tecnoloxías sanitarias

AUTORES → Puñal Riobóo Janet, Varela Lema Leonor, Triñanes Pego Yolanda, Canteiro Muñoz Paula, Maceira Rozas María del Carmen, Paz Valiñas Lucinda, Bugarín González Rosendo

CENTRO DE TRABAJO → Unidade de Asesoramento Científico-Técnico, avalia-t (ACIS)

RESUMO DA COMUNICACIÓN

Os principios inspiradores da Rede de Axencias de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias son os de seguridade, efectividade, calidade, equidade e eficiencia, que se manifestan en diversos aspectos, tales como a coherencia coas prioridades do Sistema Nacional de Saúde; a solidez e rigor dos distintos informes que se elaboren; a independencia ao carecer de conflitos de intereses que poidan mediatizar o seu labor; a transparencia en todo o proceso de priorización, identificación, síntese e avaliación crítica do coñecemento científico dispoñible; e a colaboración, como principio artellador¹.

Cómpre pois unha xestión adecuada dos conflitos de interese en todos os informes de avaliación que se leven a cabo polas distintas axencias e unidades compoñentes da rede, así como contar con procedementos explícitos de identificación, declaración formal, tipificación e toma de decisións en caso da súa existencia.

Neste sentido, a Unidade de Asesoramento Científico-Técnico (avalia-t) adhírese ao procedemento aprobado polo Consello da Rede Nacional, en consonancia cos da Rede Europea, e á guía metodolóxica de elaboración de informes^{2,3}.

A comunicación dos posibles conflitos deberán realizala tanto os propios autores, como os colaboradores e os revisores (internos e externos) do informe,

ética

cubriendo un documento específico de declaración. A xestión desta información é o posible conflito farase conforme ao procedemento acordado e a axencia responsable do proxecto será a encargada de xestionar a información.

Por outra banda, na lista de verificación da calidade dun informe inclúese, dentro dos criterios, que se detalle a posible existencia de conflitos de intereses³.

- 1 *Orde SSI/1833/2013, do 2 de outubro, pola que se crea e regula o Consello da Rede Española de Axencias de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias e Prestacións do Sistema Nacional de Saúde. BOE, núm.244 do 11 de outubro de 2013. p. 83137.*
- 2 *RedETS (Rede Española de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias). Xestión da declaración de intereses na Rede na Rede Española de Axencias de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias e Prestacións do Sistema Nacional de Saúde. Adaptación do modelo EUnetHTA [Documento interno]. Sevilla: RedETS; 2016*
- 3 *Puñal-Riobóo J, Baños Álvarez E, Varela Lema L, Castelo Muñoz MA, Atienza Merino G, Ubalgo Pérez R, Triñanes Pego E, Molina López T, e López García M en representación do Grupo de Traballo da Guía para a elaboración y adaptación de informes rápidos de evaluación de tecnoloxías sanitarias. Rede Española de Axencias de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias e Prestacións do SNS. Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. Unidade de Asesoramento Científico-Técnico, avalia-t; 2016. p. 109.*
- 3 *Ibídem. p. 143.*

Bioética

TÍTULO

Declaración de intereses nos grupos de traballo das guías de práctica clínica

AUTORES → Triñanes Pego Yolanda, Bugarín González Rosendo, Paz Valiñas Lucinda, Maceira Rozas María del Carmen, Cantero Muñoz Paula, Puñal Riobóo Janet, Varela Lema Leonor.

CENTRO DE TRABALLO → Unidade de Asesoramento Científico-Técnico, avalia-t (ACIS)

RESUMO DA COMUNICACIÓN

A independencia editorial dunha guía de práctica clínica (GPC) é un aspecto clave, é dicir, a garantía de que o financiamento e os intereses das persoas implicadas no seu desenvolvemento non influíron nas recomendacións emitidas. Os destinatarios das GPC deben coñecer as relacións que os autores e outros axentes intervenientes manteñen coa industria e coas sociedades e institucións científicas, para intentar garantir a independencia e transparencia e, en calquera caso, ofrecer a oportunidade ao destinatario de valorar os posibles conflitos¹.

O Programa de GPC no Sistema Nacional de Saúde de GuíaSalud, dispón dun protocolo común para a xestión dos conflitos de intereses². O dito protocolo ten en conta diferentes tipos de intereses, que poden ser de carácter económico ou non económico e afectar directamente ou ben de forma indirecta. Os intereses persoais directos poden ser de índole económica (implican beneficio económico) ou non económica (beneficio de tipo intelectual, ou responde a cargas sentimentais/afectivas, ou a conviccións ou crenzas). Nos intereses indirectos o beneficio percibido afecta a través da entidade laboral á que pertence ou a través dun familiar ou achegado. A declaración fará referencia aos conflitos de intereses actuais e aos dos últimos 3 anos. O equipo coordinador de cada GPC é o responsable de avaliar as declaracións para determinar a inclusión ou



exclusión de cada participante tendo en conta as tarefas que teña encomendadas.

Nesta comunicación expónse a experiencia da Unidade de Asesoramento Científico-técnico (avalía-t) coa xestión dos conflitos de interese nas guías elaboradas seguindo este procedemento.

- 1 Rede Española de Axencias de Avaliación de Tecnoloxías e Prestacións do Sistema Nacional de Saúde. Declaración de intereses na Rede Española de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias.
- 2 Grupo de traballo sobre GPC. Elaboración de guías de práctica clínica no sistema nacional de saúde. Actualización do manual metodolóxico [internet]. Zaragoza: Instituto Aragonés en Ciencias da Saúde; 2016 [accedido o 01 out. 2016]. Dispoñible en http://portal.guiasalud.es/emanuales/elaboracion_2/#

TÍTULO

Análise das declaracións de conflito de intereses nunha mostra de Comités de Ética da Investigación con Medicamentos (CEIm)

AUTORES → López Vázquez Paula, Bugarín González Rosendo, Portela Romero Manuel, Cruz del Río Juana en representación do Comité Autonómico de Ética da Investigación de Galicia.

INTRODUCCIÓN

Os CEIm son os órganos colexiados responsables da avaliación dos estudos de investigación clínica con medicamentos ou produtos sanitarios. A publicación do Regulamento (UE) n.º 536/2014 e do Real decreto 1090/2015, vén modificar a maior parte dos seus procedementos de traballo. Estableceuse un período transitorio para a implementación destes. Un dos cambios implica a presentación e publicación anual dunha declaración de intereses de cada membro.

ca

METODOLOXÍA

De entre todos os comités acreditados en España, foron seleccionados os CEIm que forman parte do grupo de coordinación liderado pola Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios, e que son os comités que avalían o 85 % dos ensaios clínicos con medicamentos que se realizan en España (23 comités). Remitíuselles un correo electrónico para solicitar información sobre o modelo de declaración de conflito de intereses que tiñan elaborado.

RESULTADOS

Os 23 comités que forman a mostra pertencen a 7 comunidades autónomas. Responderon á solicitude 15 comités. Os oito comités de Cataluña teñen o mesmo modelo de declaración de intereses. Un comité respondeu que non ten modelo específico. O resto remitiron modelos específicos. Ningún comité fai público o conflito de intereses dos seus membros ata o momento. En todos os casos os intereses restrínxense aos de tipo económico.

CONCLUSIÓN

Sería recomendable a elaboración dun modelo único de declaración incluídos outros intereses á marxe dos económicos, como son os afectivos ou os ideolóxicos. Isto evitaría a variabilidade e sería útil para concienciar os membros dos comités da importancia desta realidade.

Bioética

GRUPO **B** Consentimento

MODERADORA → **Carmen Ramil Fraga**
Consello de Bioética de Galicia

→ *O significado do consentimento informado dos pacientes na xurisprudencia constitucional española.* Noelia Martínez Doallo

→ *Fin de vida, conflito xurídico?* Belén Trigo García

→ *Experiencia dun CEA na valoración dun doador vivo.* Nieves Molins Gauna. Arturo Louro González. Beatriz Vázquez Rodríguez. Víctor Torrado Oubiña. M.^a Dolores Rivas Lombardero. Carmen Ramil Fraga. Javier Louro Aldamiz-Echevarría

Bioética

TÍTULO

O significado do consentimento informado dos pacientes na xurisprudencia constitucional española*

** Esta comunicación forma parte dos resultados do proxecto de investigación "O discurso dos biodereitos. Bases filosóficas e xurídicas para a súa fundamentación, caracterización e aplicación" (DER2014-52811-P), financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade*

AUTORA → Noelia Martínez Doallo . Contratada predoutoral FPI

CENTRO DE TRABAJO → Universidade da Coruña

RESUMO

O consentimento informado pertence ao ámbito da autonomía decisoria e configúrase como unha liberdade de elección do paciente. O Tribunal Constitucional español sinalou reiteradamente que o consentimento informado non ten encaixe no ámbito da liberdade persoal ou física, pois o artigo 17 CE non recolle unha liberdade xeral de autodeterminación individual (STC 37/2011, entre outras).

A Constitución non establece expresamente un dereito á autonomía, nin un dereito xeral de liberdade, nin tampouco menciona o dereito ao consentimento informado. Porén, é posible afirmar que o consentimento informado constitúe unha norma de dereito fundamental, en virtude da súa adscrición xurisprudencial ao dereito á integridade física e moral (15 CE).

O Tribunal Constitucional concibe o consentimento informado como unha inmunidade ou deber de abstención do profesional fronte intervencións ou tratamentos non autorizados, amais dun deber de respecto da vontade autónoma

ética

do paciente. Deste xeito, o consentimento informado é un dereito negativo ou de defensa.

Non obstante, o propio Tribunal vincula o consentimento informado ao libre desenvolvemento da personalidade, o cal amosa certa dimensión positiva. Ademais, a integridade presenta un carácter prestacional, xa que “non só existe unha obriga negativa do Estado de non lesionar a esfera individual ou institucional protexida polos dereitos fundamentais, senón tamén a obriga positiva de contribuír á eficacia de tales dereitos e dos valores que representan” (STC 37/2011, FX. 4.º).

A comunicación analiza e sistematiza estas respostas aparentemente contradictorias para aclarar o alcance do consentimento informado na práctica clínica.

TÍTULO

Fin de vida, conflito xurídico?

AUTORA → [Belén Trigo García](#)

CENTRO DE TRABALLO → [Facultade de Dereito USC](#)

RESUMO

Os cambios sociais e demográficos dos últimos anos e, moi especialmente a evolución científico-técnica no ámbito sanitario, transformaron a experiencia da morte e multiplican os conflitos relativos ao final da vida. Respecto dos actores implicados –doente, familiares e achegados, profesionais sanitarios e institucións–, cómpre destacar a consolidación dun novo modelo de relación médico-paciente fundamentado na dignidade e autonomía da persoa, acompañado do recoñecemento expreso dunha serie de dereitos e garantías. Neste

Bioética

sentido, a Lei galega 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, recolle, adapta e desenvolve principios e instrumentos xa consagrados; así, o consentimento informado, o dereito á confidencialidade, ou o Documento de Instrucións Previas sobre Cuidados e Tratamento da Saúde. Máis cá súa novidade, interesa destacar, entón, desta lei o énfase na información, no asesoramento e na formación. En efecto, a formulación legal debe contribuír a un cambio de cultura asistencial que abrace o concepto de ortotanasia, desterre a obstinación terapéutica, e garanta a recepción de cuidados paliativos integrais e o axeitado tratamento da dor. Desde esta perspectiva, resulta tamén relevante o papel que poidan desempeñar os comités de ética asistencial de xurdir discrepancias a propósito da posta en práctica e a efectividade destes dereitos nos casos concretos. Ao ser as controversias inevitables, cabe esperar que un bo labor de asesoramento e comunicación entre pacientes, profesionais e institucións sanitarias evite unha excesiva xudicialización dos conflitos que poidan xurdir a propósito das situacións de fin de vida.

TÍTULO

Experiencia dun Comité de Ética Asistencial (CEA) na valoración do doador vivo

AUTORES → Nieves Molins Gauna. Arturo Louro González. Beatriz Vázquez Rodríguez. Víctor Torrado Ubiña. M.^a Dolores Rivas Lombardero. Carmen Ramil Fraga. Javier Louro Aldamiz-Echevarría.

O papel do CEA na valoración da idoneidade do doador vivo renal regúlase legalmente desde o ano 1999 (Real decreto 2070/1999). Establécense os requisitos éticos de voluntariedade, capacidade e altruismo na decisión de doazón.

Bioética

Entre os requisitos da lei inclúese un informe preceptivo do CEA do hospital transplantador.

RESULTADO

O CEA da Coruña cumpre esta función mediante unha entrevista aberta semi-estruturada desde o ano 2006. Neste período emitíronse 223 informes. Só un foi negativo, aínda que nalgún caso se aconsellou reavaliar nun tempo a valoración da doazón.

Preséntanse en formato táboa a evolución de casos ao longo dos anos e as súas características demográficas e de relación doador/receptor. Tamén se achega unha valoración subxectiva, realizada mediante unha enquisa aos membros do grupo do CEA que interveñen na entrevista co doador potencial.

DISCUSIÓN

En xeral considérase útil o proceso, adecuado o formato de entrevista e tamén a valoración do coñecemento de riscos, a capacidade do doador e se o consentimento é libre. Apúntase a necesidade de revisar os consentimentos que o paciente asina. Finalmente considérase que sería interesante avaliar esta actividade mediante o seguimento das persoas entrevistadas.

Bioética

GRUPO **c_Miscelánea**

MODERADORA → Irene Esperón Rodríguez
Consello de Bioética de Galicia

→ *Bioética e intervención social en Galicia*. Virginia Alonso Paz

→ *Cómo perciben os estudantes de Medicina e os residentes os conflitos de interese?* María del Carmen Agra Tuñas, Susana Rujido Freire, Antonio Rodríguez Núñez

→ *Ética biomédica e hermenéutica*. Óscar Vergara Lacalle

ética

TÍTULO

Bioética e intervención social en Galicia

AUTORA → Virginia Alonso Paz

CENTRO DE TRABAJO → CIFP Ánxel Casal - Monte Alto (A Coruña). Consellería de Educación

Os comités de bioética sanitarios (comités de ética asistencial) melloraron a calidade da asistencia e a protección dos dereitos das persoas usuarias e profesionais. Por iso cobra sentido reflexionar sobre a súa función na práctica e no coidado sociosanitario dende os servizos sociais, onde a vulnerabilidade e a exclusión están máis presentes e orixinan problemas éticos diferentes aos do ámbito sanitario.

A existencia de comités de ética en intervención social mudaría o xeito de afrontar a toma de decisións, mediante metodoloxías deliberativas respectuosas coa dignidade, a autonomía e os dereitos de cada persoa, co obxecto de mellorar a calidade da asistencia e promover o benestar.

No Estado español existen oito normas autonómicas reguladoras dos comités de ética en intervención social, pero entre elas non existe ningunha norma galega. A partir dunha revisión das orixes e características destes comités e das estruturas de apoio á reflexión ética do ámbito social, esta comunicación pretende xustificar a conveniencia da creación dun comité ou dun consello de ética en intervención social en Galicia.

Bioética

TÍTULO

Como perciben os estudantes de medicina e o residentes os conflitos de interese?

AUTORES → M.^a Carmen Agra Tuñas, enfermeira de UCI Pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS).

→ Susana Rujido Freire, residente de Pediatría do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS).

→ Antonio Rodríguez Núñez, adxunto de UCI Pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS). Profesor da Facultade de Enfermería da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

INTRODUCCIÓN

Dáse un conflito de interese (CI) cando xorde o risco de que un interese secundario inflúa nas accións profesionais respecto do interese primario lexítimo.

OBXECTIVO

Explorar a percepción dos estudantes de medicina e os residentes sobre os CI.

METODOLOXÍA

Elaboramos unha enquisa de 15 ítems, deben sinalar o grao de acordo con cada afirmación: dende 1 (nada) a 5 (totalmente).

RESULTADOS

Analizáronse 52 respostas de 32 residentes e 20 alumnos. Os CI son frecuentes en medicina só para o 56 % dos enquisados, danse na investigación biomédica (86 %) máis ca na asistencia (56 %). O 73 % está de acordo en que os médicos deben declarar sempre os seus CI, aínda que só o 48 % inclúen os potenciais ademais dos reais. Os laboratorios inflúen na prescrición médica para un 75 %, pero é menos conflitiva a elaboración e distribución dunha guía antimicrobiana por un laboratorio (54 %), ou que pague matrícula e viaxe a un congreso (40 %).



Supón máis CI a existencia das autoconcertacións (62 %), ca traballar simultaneamente para a pública e a privada (40 %). Consideran un CI remunerar por paciente incluído nun ensaio clínico (79 %), adiantar unha cita para un familiar (69 %), que un farmacéutico decida a quen se lle subministra o único fármaco dispoñible (50 %). A maioría (64 %) non recibiu formación sobre os CI.

CONCLUSIÓNS

A maioría non recibiron formación sobre CI e non teñen claro o concepto nin as situacións nas que adoitan a producirse, o que pode afectar a calidade ética da súa actividade laboral.

TÍTULO

Ética biomédica e hermenéutica

AUTOR → Óscar Vergara

CENTRO DE TRABALLO → Prof. Cont. Dr. Universidade da Coruña

RESUMO

En todo proceso decisorio preséntase un eludible elemento valorativo, do que non se fan cargo as metodoloxías bioéticas comúns, o cal foi, en cambio, ben teorizado pola moderna hermenéutica filosófica. Algunhas formulacións bioéticas adoptaron unha orientación hermenéutica para abordar a cuestión da toma de decisións. Non obstante, móstranse insuficientes, debido a que, como ensina Aristóteles, a sabedoría (a hermenéutica é un coñecemento teórico) non fai as persoas necesariamente prudentes. Por outra parte, as mencionadas formulacións, aínda que xiran arredor da noción capital de diálogo, non lle fan xustiza e non son capaces de captar o seu sentido profundo, que non é de índole psicolóxica, senón ontolóxica. É, en definitiva, máis unha cuestión de verdade que de método.



Houbo unha comunicación presentada á xornada, que finalmente non foi defendida oralmente polos seus autores.

TÍTULO

A disforia de xénero nunha sociedade plural

AUTORES → Joselyn Cortés-Cortés(1), Rosa Fernández(1), Esther Gómez-Gil(2), Isabel Esteva(3), Mari Cruz Almaraz(3), Antonio Guillamón(4), Eduardo Pásaro(1)

CENTRO DE TRABALLO → UDC - Dept. de Psicoloxía . 2. Unidade de Identidade de Xénero de Cataluña .3. Unidade de Identidade de Xénero de Andalucía .4. UNED - Dept. de Psicoloxía. Madrid

A Disforia de Xénero (DX) (DSM-5) ou Transexualismo (ICD-10) describe a condición dunha persoa cuxo sexo cerebral difire do xenético. As persoas con DX sofren de forma persistente por esta incongruencia e buscan un cambio de reasignación de sexo mediante tratamento hormonal e cirúrxico.

Esta é unha revisión, desde unha perspectiva biolóxica e ética, da etioloxía da DX e das correlacións neurobiolóxicas estruturais e funcionais da DX.

Varios estudos demostran un aumento da conectividade funcional entre rexións da corteza cerebral que son pegadas da angustia xerada pola discordancia entre sexo psicolóxico e biolóxico. Na DX aparecen signos de feminización ou masculinización de estruturas cerebrais con dimorfismo sexual que durante a administración hormonal desprázanse parcialmente aínda máis cara ás correspondentes ao sexo cerebral. Estes cambios permiten unha redución da angustia psicosocial.

Existe ademais unha vulnerabilidade xenética baseada na desregulación dos niveis hormonais durante o desenvolvemento prenatal e neonatal. Os datos actuais apuntan a polimorfismos ligados á acción dos estróxenos.

Trátase dunha grave cuestión ética a liberación dos prexuízos para coñecer o que ocorre no cerebro na DX.

Bioética



9:15 → 9:45
INAUGURACIÓN

INAUGURACIÓN
Jesús Vázquez Almuiña

9:45 → 10:00
PRESENTACIÓN

O CONFLITO DE INTERESES E A BIOÉTICA
José Antonio Seoane

10:00 → 12:00
MESA REDONDA

INTERESES EN CONFLITO NUNHA SOCIEDADE PLURAL

Na comunidade educativa
Rogelio Altisent Trota

Na industria farmacéutica
José Ramón Luis-Yagüe

Nunha organización sanitaria non governamental
Inés del Río Pastoriza

No ámbito xurídico
José Luís Seoane Spiegelbrg

12:30 → 13:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

O CONFLITO DE INTERESES NO ÁMBITO DA SAÚDE

Rosendo Bugarín González
Mónica Suárez Berea

13:00 → 14:00
COMUNICACIÓNS

COMUNICACIÓNS

... ou harmonización?

Na atención dunha enfermidade prevalente en Galicia
Susana Romero Yuste

Nunha cirurxía con alta implicación social
Nieves Molins Gauna

Na resposta á dimensión social da saúde
M.ª Jesús Lago Vilaboa

Nos cuidados de enfermaría
M.ª Antonia Muñoz Mella

Solucións para convivir co conflito de intereses
Andreu Segura Benedicto

19:30 → 20:30
CONFERENCIA
DE CLAUSURA

CONFLITO DE INTERESES, CONFLITO DE VALORES

Diego Gracia Guillén

ética

Conflicto ou harmonización na asistencia sanitaria?

16:30 → 19:45

MESA REDONDA

MODERADORA → Ana Isabel Guillén
Consello de Bioética de Galicia

Boas tardes. Son Ana Guillén, moderadora desta mesa e vogal do Consello de Bioética de Galicia, o cal, entre as súas funcións, como xa sabemos, ten a de profundar no debate da Bioética. Cos diferentes relatorios que a continuación se van presentar veremos distintos enfoques do tema que nos ocupa hoxe nesta xornada.

Quero agradecer, ante todo, aos relatores a súa colaboración e desculpar a María Antonia Muñoz Mella, que por cuestións de saúde finalmente non poderá participar na mesa.

BioÉTICA

A continuación pasarei a presentar os diferentes relatores, anticipando que, do mesmo xeito que a miña compañeira Silvia, debín reducir o amplo currículo de todos eles: **Susana Romero Yuste**

- Xefa do Servizo de Reumatoloxía da EOXI de Pontevedra e Salnés . Presidenta da Sociedade Galega de Reumatoloxía
- Membro do Comité Autonómico de Ética e investigación e do Comité de Viabilidade de Ensaos Clínicos.
- Delegada autonómica da Comisión de Docencia. Foi docente en varios cursos.
- Participou en diversos grupos de traballo, procesos asistenciais de actuación e protocolos.
- Participación en proxectos de investigación como investigadora principal e asociada.
- Asesora a varias asociacións de pacientes. Colabora con organizacións non gobernamentais como médico cooperante.

Bioética

2.1 Na atención dunha enfermidade prevalente en Galicia

RELATORA → Susana Romero Yuste
EOXI de Pontevedra e Salnés

A práctica médica debe perseguir o ben primario que se traduce no mellor para o enfermo determinado por razóns profesionais ou éticas. Pero en ocasións esta práctica vese modificada a prol de bens secundarios de distinta índole e é aí cando o acto médico se ve influenciado polo que chamamos conflitos de interese.

O conflito de interese alude a unhas circunstancias e non ao resultado e non é necesario que este resultado ocorra para dicir que estamos ante un conflito tal como o definimos. Os conflitos de interese son inherentes ás relacións humanas e profesionais. Sempre que existen decisións que implican actuacións sobre outras persoas se dan situacións de conflito de interese e iso podería non ser necesariamente problemático se se recoñecen e abordan de forma adecuada.

Os conflitos de interese mal xestionados implican unha perda de confianza no profesional pero tamén na institución para a cal traballa e de forma máis xeral na propia profesión.

O que vou desenvolver nesta exposición é aplicable aos conflitos de interese ou harmonización na atención dunha enfermidade prevalente como a artrite reumatoide ou a calquera enfermidade que tratemos os clínicos. No caso da Reumatoloxía, nos últimos anos houbo grandes e veloces avances na investigación. A irrupción no mercado de novas moléculas fan necesarios estudos clínicos con gran número de pacientes para mostrar datos de efectividade e seguridade. Isto implicou a practicamente todos os servizos de Reumatoloxía da nosa comunidade e iso impón novas regras na práctica clínica.

ética

Por outra banda as novas estratexias terapéuticas fan necesario maior número de programas de formación para aplicalas de forma correcta e introducen cambios nos modelos de xestión tradicionais xa que o clínico debe manexar fármacos custosos que supoñen un elevado consumo de recursos.

Ademais da práctica asistencial os médicos fomos incorporando, polo tanto, funcións relacionadas coa investigación, a docencia, a xestión ou mesmo a Administración. Esta incorporación pode mesmo ser beneficiosa para o ben xeral, o desenvolvemento da profesión e a mellora da práctica médica e polo tanto da atención dos pacientes, pero é certo que propicia a aparición de conflitos de interese en cada unha destas funcións.

Ocorre con frecuencia que os clínicos simplificamos a definición de situacións de conflito de interese, considerando con frecuencia que o impacto sobre a nosa práctica é mínimo, e non sempre se ten en conta que o impacto pode ocorrer de forma inconsciente.

Mesmo podemos experimentar, sen percepción de conflito, situacións que o son e que tradicionalmente están integradas na formación, a asistencia ou a investigación.

O habitual é que cando un clínico medita sobre os conflitos de interese o primeiro (e ás veces único) que se lle vén á mente é a relación coa industria farmacéutica en canto a financiamento de congresos, docencia recibida ou impartida, asesorías e outras actividades que ás veces parecen encamiñadas a mellorar a práctica do medicamento por canto supoñen formación ou posta ao día.

Non é infrecuente a percepción de que cando un programa de formación non ten que ver co produto da compañía que o financia, este conflito é de menor magnitude e mesmo improbable que condicione a práctica diaria. É certo que ás veces se trata de intencións enmascaradas de inclinar a tendencia cara aos intereses da compañía que financia as ditas actividades. Pero tamén o é que no caso das asesorías, en ocasións deuse o rexeitamento de actuacións propostas pola industria, que segundo os clínicos que participaban, se atopaban fóra da

Bioética

ética ou eran innecesarios. Outras veces poden dar lugar ao comezo de liñas de investigación que respondan a preguntas non resoltas na atención médica. Isto último que inicialmente podería interpretarse como un conflito de interese finalmente redundaría na mellor atención dos pacientes, dos pacientes en xeral? do avance do medicamento? A influencia que ten sobre a atención do paciente individual que temos no momento presente, aí quizais estea o debate.

A pregunta é se podería interpretarse que existirían dous tipos de conflitos de interese secundario; por unha banda aqueles que acompañan os primarios para poder darlles cumprimento e aqueles que só redundan en beneficio do clínico e, polo tanto, con connotacións indebidas. A fronteira con todo entre estes e os anteriores é difícil de delimitar na práctica.

Outra fonte de conflito de interese é a investigación clínica na que se percibe un ingreso económico por paciente incluído. A selección ha de estar imprescindiblemente guiada pola ética, cumprindo a normativa respecto diso, con absoluta transparencia ante o paciente facéndoo coñecedor das implicacións, das alternativas e do tipo de compensación que lles supón aos investigadores a súa inclusión no estudo.

Ás veces os pacientes interpretan que incluírse no estudo supón ter acceso a medicación estranxeira non existente no noso país. Mesmo poden ignorar que o fármaco en estudo aínda non está comercializado, que está en investigación e que poden caer no brazo placebo cando este existe. Garantir a información completa e veraz e velar pola seguridade e porque a investigación se leve a cabo coas máximas garantías para o paciente é ineludible.

En canto á comunicación dos resultados da investigación, deuse o caso de “tratamento estatístico de datos” que maquillan conclusións para achegarse ao resultado desexado e tamén a non publicación dos resultados “negativos”. Isto introduce un rumbo na interpretación de resultados que confunde o lector e que o poden levar a aplicar, na atención do paciente, fármacos que talvez non son tan efectivos ou tan seguros como as publicacións reflicten.



O coñecemento do método científico, a lectura crítica e a transparencia das bases de datos dos ensaios poden axudar a confirmar a veracidade dos resultados dos estudos e a detectar as desviacións orixe de confusión.

Nin sequera as revistas que publican os resultados dos estudos realizados escapan aos conflitos de interese e poden verse influenciadas por relacións financeiras, rivalidades ou filias profesionais dalgún dos axentes implicados na publicación. Algunhas revistas están xa comezando un camiño cara á transparencia para evitar estas circunstancias e que indica que algo se move polo camiño desexado.

Tamén os ámbitos de Docencia ou Xestión poden comportar conflitos de interese.

Os médicos temos a responsabilidade da formación dos futuros médicos ou especialistas o que fai necesario que nos acompañen cando atendemos o paciente para recibir adestramento na práctica clínica. Isto condiciona dedicar un tempo durante a asistencia á explicación, ao ensino na exploración e á comprobación da correcta aprendizaxe. Deberíámoslle pedir permiso ao paciente para facelo xa que se pode sentir incómodo ante a presenza de persoas diferentes ás que espera cando acode e que acompañan o seu médico. A súa consulta, polo tanto, pode requirir máis tempo do habitual nestas circunstancias. Na miña experiencia cando aos pacientes se lles explica que isto se fai deste xeito para mellorar a calidade da atención médica no futuro e cando a docencia se realiza con respecto acéptano e mesmo se mostran satisfeitos de colaborar nesta función.

Outra forma diferente de conflito de interese na docencia daríase, con respecto a esta, cando a presión asistencial nos impide o detemento que o ensino require. Dispoñer do tempo suficiente para compartir asistencia e docencia é fundamental e debe ser un obxectivo na organización da actividade dun servizo.

Xa por último, no terreo da xestión tamén podemos atoparnos con conflitos de interese. Os recursos do sistema público de saúde son limitados e os clínicos



temos a nosa responsabilidade na súa correcta utilización; debemos comprometer nos coa sustentabilidade do sistema sanitario. Cada vez máis, e é o noso deber, imbuímonos da idea de que habemos de prescribir en termos de eficiencia. Diminuír custos, aliviar listas de espera ou dar altas pode supoñer un incentivo que introduza conflitos de interés na nosa práctica. Non habemos de perder de vista que temos un compromiso coa sociedade de utilización racional dos recursos pero que o ben primario, que é a mellor atención do paciente, non ha de resentirse.

Os aspectos analizados móstrannos que a realidade dá lugar a situacións con certo grao de ambivalencia e non sempre se detectan todos os posibles conflitos de interese a que dá lugar. É fundamental a transparencia pero fai falta máis. Aínda queda camiño por percorrer que require formación e o cambio de mentalidade necesario para que no noso exercicio profesional prime por riba de calquera obxectivo o ben do enfermo.

BIBLIOGRAFÍA

- Friedman et al. *Relationship Between Conflicts of Interest and Research Results*. J of Xene Intern Med 2004
- Guy JB. Conflict of interests for radiation oncologists: Harnessing disclosures from policy to reality. *Cancer Radiother*. 2016 May; 20(3):176-80.
- L. González-de Paz. *Conflicto de intereses en investigación clínica na área de atención primaria de saúde*. Semergen. 2014;40(2):104-108
- L. Naldi. *Conflicts of interest among academic dermatologists: freedom or constraint?* Br J Dermatol. 2016 Apr; 174 (4): 878–880
- Paul Campsall. *Financial Relationships between Organizations That Produce Clinical Practice Guidelines and the Biomedical Industry: A Cross-Sectional Study*. PLOS Medicine | DOI:10.1371/journal.pmed.1002029 May 31, 2016
- Robert Steinbrook. *Justifying conflicts of interest in medical journals: a very bad idea*. BMJ 2015; 350:h2942
- Roseman M et al. *Reporting of conflicts of interest from drug trials in Cochrane reviews: cross sectional study*. BMJ. 2012;345:e5155
- Tricoci P, Allen JM, Kramer JM, Califf RM, Smith SC Jr. *Scientific evidence underlying the ACC/AHA clinical practice guidelines*. JAMA. 2009; 301:831–841
- Declaración AMM sobre os conflitos de interese. Revisión 2015

Bioética

A continuación pasarei a presentar a nosa segunda relatora da tarde: **Nieves Molins Gauna**

- *Licenciada en Medicina e Cirurxía pola Universidade do País Vasco. Médica especialista en Anestesioloxía, Reanimación e Terapia da Dor*
- *Adxunta do Servizo de Anestesioloxía e Reanimación do Hospital da Coruña*
- *Experta en Bioética pola Universidade Complutense de Madrid. Secretaria do Comité de Ética Asistencial da EOXI de Coruña*
- *Vogal da Comisión Deontolóxica e de Ética do Colexio de Médicos da Coruña*
- *Docente en diversos cursos relacionados coa Bioética*

Bioética

2.2 Nunha cirurxía con alta implicación social

RELATORA → Nieves Molins Gauna
EOXI de Coruña

O conflito na súa forma orixinal é parte natural das relacións humanas, posto que xorde das diferenzas e incompatibilidade de intereses, percepcións e obxectivos entre as persoas.

Os profesionais da saúde estamos inmersos nun conflito entre dous principios básicos de moralidade: o interese propio e o altruísmo. O primeiro principio obríganos a promover os valores de preservación, crecemento e felicidade persoal. O segundo, baséase en promover os mesmos valores pero doutras persoas, mesmo en detrimento do interese propio. Os profesionais sanitarios en xeral debemos desenvolver a nosa profesión entre estes dous principios.

O que entendemos por conflito de intereses orixínase cando o xuízo profesional con relación a un interese primario (benestar do paciente) vese influenciado indebidamente ou en exceso por un interese secundario, como pode ser un proveito económico, un afán de notoriedade, prestixio profesional ou o recoñecemento e promoción profesional. Os intereses secundarios tamén poden estar relacionados con outros roles profesionais como a investigación, a docencia, ou a xestión. A relación médico-paciente é unha relación fiduciaria que é por definición unha relación de dependencia baseada na confianza e polo tanto debe estar suxeita aos máis altos estándares de conduta. Neste tipo de relacións o paciente é unha persoa vulnerable e o médico ten un poder derivado dos seus coñecementos e habilidades que deberá utilizar para promover o valor fundamental que rexe a súa profesión e que é o benestar do paciente. Este

ética

interese primario debe dirixir a toma de decisións. Se nese proceso decisional entran en consideración outros valores secundarios que poidan producir un afastamento dese valor ou interese primario é cando consideramos que existe un conflito de interese.

A presenza de conflitos de interese incrementa a posibilidade de tomar decisións erróneas eticamente. Ademais os conflitos de interese percibidos, aínda que as decisións tomadas sexan correctas, poden ser igual de danos e erosionar a confianza persoal ou da sociedade nos profesionais do medicamento, como os conflitos reais.

Os conflitos de interese poden xurdir en situacións onde a acción dun individuo en favor do seu propio interese realízase de maneira consciente, voluntaria e sen respecto á responsabilidade cara aos seus pacientes. Con todo, a maioría das veces a disparidade entre os intereses é moito máis sutil e mesmo inconsciente, pero pode afectar igualmente á toma de decisións.

Na relación clínica hai outro tipo de intereses do profesional como son as necesidades de coidado doutros pacientes, de lles dar prioridade a coidados en situacións de escaseza, as necesidades do médico en canto a descanso, relacións familiares ou sociais, de autoformación, labores docentes, investigadoras ou administrativas. O conflito que xorde con este tipo de intereses e o interese primario do medicamento coñécese co nome de conflito de tarefas. Este tipo de intereses son lexítimos e non necesariamente vai afectar as decisións clínicas, pero deben ser sopesados xa que poden provocar que o profesional, consciente ou inconscientemente, aplique os seus estándares de coidado de forma diferente a como o faría seguindo os criterios do bo xuízo profesional. Nestes casos si que poderían ser considerados auténticos conflitos de interese.

Entendemos por bo xuízo profesional a habilidade de tomar decisións baseadas no coñecemento e habilidades adquiridas a través da educación, o adiestramento e a experiencia. Pero ser un bo profesional do medicamento supón traballar para a incerteza polo que este factor vai introducir un elemento máis

Bioética

na definición que ten que ver cunha calidade ou virtude do bo profesional que é a prudencia.

Os transplantes de órganos son procedementos de alta implicación social xa que só son posibles tras a cesión en vida ou despois da morte dunha parte dun ser humano a outro.

O noso país ten, con 39,7 doadores por millón de habitantes en 2015, a maior taxa mundial en doazón de órganos por vixésimo cuarto ano consecutivo. Os factores de éxito deste modelo español inclúen un programa exhaustivo de educación, comunicación, relacións públicas, reembolso de gastos aos hospitais e mellora da calidade. A fonte de doadores son os hospitais públicos, que contan cos recursos necesarios para asegurar o éxito do programa de transplantes. O acceso universal á sanidade e a gratuidade dos transplantes tamén favorece a solidariedade e as actitudes positivas dos cidadáns á doazón. Un punto importante é a figura do coordinador de transplantes presente en todos os hospitais doadores e que é o responsable de identificar e avaliar os doadores, dar apoio necesario para o correcto mantemento dos potenciais doadores das unidades de críticos e entrevistar os familiares para obter o consentimento. Moitos destes coordinadores, estímase que un 85 %, son profesionais das unidades de coidados críticos, que son aquelas onde se xeran o maior número de doadores.

Os transplantes de órganos son a única opción de tratamento para mellorar ou salvar a vida dos pacientes con insuficiencia orgánica terminal. Respetan a autonomía dos pacientes e promoven valores como a xenerosidade e a solidariedade. Ademais, no caso do transplante renal sobre todos, son custo-efectivos. Algúns autores estiman que a doazón de 6 órganos dun doador multiorgánico, xera ata 55,8 anos de vida para diferentes receptores.

Por outra banda a OMS, o Código de Ética e Deontoloxía Médica da Organización Médica Colexial e a Sociedade Española de Medicamento Intensivo, Crítica e Unidades Coronarias consideran unha obriga dos profesionais fomentar e



promover a doazón de órganos baseándose na necesidade dos pacientes e nos resultados clínicos.

Con todo, a pesar dos avances científicos, entre un 8-10 % de pacientes seguen falecendo en lista de espera para un transplante no noso país. Estímase que 12 persoas ao día falecen esperando un órgano na Unión Europea. A separación entre a oferta e a demanda aumenta cada día a pesar dos esforzos dos profesionais e da Organización Nacional de Transplantes e outras organizacións internacionais, por incrementar a obtención de órganos con doadores expandidos, doadores de risco non estándar, doazón de vivo ou doadores falecidos por criterios circulatorios.

Os conflitos de interese que se poden presentar nunha cirurxía de alta implicación social como son os transplantes de órganos, son problemas éticos relevantes, frecuentes e de consecuencias non banais para os profesionais, os pacientes, as institucións e a sociedade.

Nos transplantes de órganos hai unha serie de condicións que predispoñen á aparición destes conflitos ou que dalgunha maneira constitúen intereses secundarios que poden potencialmente, afectar o xuízo dos profesionais na toma de decisións en situacións xa de seu de grande incerteza e posibilidade de conflito ético.

Estas condicións inclúen:

- Presión indirecta, tanto por parte da sociedade, como pola Organización Nacional de Transplantes, para manter a magnífica posición do modelo español na clasificación mundial. A presión pode ser tamén por manter o nivel transplantador no propio hospital ou na comunidade autónoma.
- Presión das listas de espera.
- Escaseza de doadores.
- Pagos extras polos procedementos ás unidades xeradoras, de apoio, extractoras e de tratamento intra e postoperatorio.



Os conflitos de interese aínda que sexan en esencia os mesmos preséntanse de maneira diferente segundo o momento do proceso. A continuación referireime a algúns destes momentos con máis repercusión para os clínicos.

Conflitos de interese na obtención de órganos

